# BOLETÍN BIBLIOTECA SUSO CUBEIRO

Bibliotecas escolares de Galicia

BIBLIOTECAS ESCOLARES SOLIDARIAS

BIBLIOTECA CREATIVA

CURSO 2019/ 2020 1º trimestre

# BO NADAL



***A finais do curso pasado completamos o nome de Bibliomarquiños co de Biblioteca Suso Cubeiro. Despois de tantos anos axudando, colaborando e acudindo á nosa chamada sen ningún tipo de dúbida, cremos que Suso Cubeiro ben tiña merecido formar parte do noso centro e poñerlle o seu nome á nosa biblioteca.***





Tivemos a visita de Magín Blanco, Migallas Teatro e Raquel Queizas





E como os profes non paramos, tamén estamos a desenvolver unhas xornadas de formación sobre robótica porque temos moitas ganas de que os aparelliños que temos empecen a dar vida á nosa biblioteca. Ídevos preparando para ver os M-bots en acción.





AS FAMILIAS CONTAN. Este curso contamos coa colaboración de moitas familias de infantil que veñen compartir connosco o seu saber, as súas experiencias ou as súas historias. É un enorme pracer contar convosco para formar parte da nosa vida escolar.







Cristine é a auxiliar de conversa que teremos durante este curso no cole. Ela é estadounidense e quixo explicarnos que é o “día de acción de gracias” , “Thanksgivingday”, en que consiste e como se celebra. Foi unha charla moi interesante.

Visitáronnos parte das “Pesquedellas” un grupo de rapazas de diferentes idades que están interesadas en recuperar o folclore, o noso, e facelo chegar aos máis novos para que siga vivo e pasando de xeración en xeración.



CEIP PLURILINGÜE SAN MARCOS